

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 28/09/2023

Hora: 19:00 h. a 1.<sup>a</sup> convocatoria e ás 19:00 h. a 2.<sup>a</sup>, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión constitutiva do 17/06/2023. Acta 08/2023.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 26/06/2023. Acta 09/2023.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 17/08/2023. Acta 10/2023.

2º.-Aprobar se procede participar na segunda fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS + ADICIONAL 2/2023" (subsanción). (Exp. 2023/A008/000036).

3-Aprobar se procede o Plan Estratéxico de Subvencións 2023 – 2025 (Exp. 2023/G013/000002).

4.-Aprobar se procede a declaración de non dispoñibilidade de créditos 02/2023 (Exp. 2023/X999/000490).

5.-Aprobar inicialmente se procede a modificación de créditos mediante modalidade de suplemento de crédito número 15/2023 (Exp. 2023/T002/000015).

6.-Aprobar se procede a concesión da bonificación do ICIO solicitada pola Comunidade de Propietarios do Edificio Mirasol, portais X e XI de Sigüeiro (Exp. 2023/X999/000495).

7.-Aprobar se procede a concesión da bonificación do ICIO solicitada por Xendre S.C (Exp. 2023/X999/000496).

8.-Aprobar se procede a modificación colectiva do saldo inicial de compromisos de ingreso correspondentes á agrupación de exercicio pechados (Exp. 2023/X999/000500).

## II PARTE DE CONTROL

9.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 668/2023 do 16/05 ata a 1274/2023 do 22/09.

10.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 16/06/2023 e o 22/09/2023..

11.- Dación de conta do avance de liquidación do orzamento corrente correspondente aos 6 primeiros meses (EXP 2023/X999/000366).

12.- Dación de conta da execución trimestral correspondente ao segundo trimestre do 2023 (EXP. 2023/X999/000367).

13.- Dación de conta do período medio de pago correspondente ao segundo trimestre do 2023 (EXP. 2023/X999/000383).

14.- Dación de conta do informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre do 2023(Exp. 2023/X999/000384).

15.-Dación de conta do esforzo fiscal 2023 (Correspondente ao exercicio económico 2021) (EXP. 2023/X999/000349).

16.-Dación de conta das liñas fundamentais do orzamento correspondente ao exercicio económico 2024. (EXP. 2023/T004/000003).

17.- Mocións dos Grupos municipais.

18.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/abrir/abrir.do>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo secretario.

Federico Suárez Cancelo.